



Concello de Vigo

INFORME XURIDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCION

Expte: 1226/1102

Informe xurídico de solicitude de acceso á información pública

Antecedentes

Con data 4/02/2022, dona ██████████ presenta solicitude de acceso a información pública no que interesa copia da autorización o título urbanístico habilitante para levar a cabo as obras na Avenida de Galicia que se hacen constar no escrito presentada xunto cos informes técnicos e xurídicos municipais emitidos para a concesión de dito título urbanístico.

En data 30.05.2022 por Resolución da Concelleira delegada da área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal en expte 1148/1102 estimouse a solicitude formulada por dona ██████████ e facilitar á interesada a documentación remitida pola área de Fomento e servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local relacionada no segundo apartado das consideracións xurídicas e concretamente

"A solicitude ten por obxecto o acceso a información respecto da autorización ou título urbanístico habilitante para levar a cabo as obras na Avenida de Galicia. Segundo informe da área de Fomento trátanse de obras públicas municipais licitadas no marco dos expedientes 6629/77 (tramitado polo Servizo de Emprego) e 666/441 (pola Área de Fomento). Neste punto cabe sinalar que segundo o disposto no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia "Ao tratase de obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto previa acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor."

No expediente consta informe da Área de Fomento e Servizos e Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do que resulta que os proxectos foron aprobados pola Xunta de Goberno Local de sesión 02.10.2020 (exp 4778/443) e de 02.03.2009 (renovación urbana do Barrio de Teis)."

Respecto ao expte 4778/443 tramitado pola área de Fomento o servizo achega

- *Acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de outubro de 2020*
- *Informe técnico de data 21.09.2020*
- *Informe proposta de data 22.09.2020*

Así mesmo o Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local informe que no marco do programa ES0037 "Rexeneración Urbana do barrio de Teis" (aprobado mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión do 2 de marzo de 2009), executouse a acción de "Humanización da Avenida de Galicia dende o no 1

| | | |
|--|----------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 03/03/2023 09:37 | Páxina 1 de 5 |
| 1226-1102 | | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ao 120", segundo proxecto de obra aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 10 de maio de 2010 (expte. 7008/77), e cuxas obras foron licitadas en expediente núm. 6629/77.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión do 18 de abril de 2011 (expte. 8019/77) acordou aprobar o Modificado N.º 1 do proxecto da obra "Humanización da Avenida de Galicia dende o no 1 ao 120",

- Acordo da Xunta de Goberno Local de aprobación do proxecto "RENOVACIÓN URBANA DO BARRIO DE TEIS" adoptado na súa sesión do 2 de marzo de 2009.
- Acordo da Xunta de Goberno Local de aprobación do proxecto "Humanización da Avenida de Galicia desde o nº 1 ao 120" adoptado na súa sesión do 10 de maio de 2010 (expte. 7008/77).
- Acordo da Xunta de Goberno Local de aprobación do Modificado N.º 1 do proxecto da obra "Humanización da Avenida de Galicia dende o nº 1 ao 120" adoptado na súa sesión do 18 de abril de 2011 (expte. 8019/77).
- Informe-proposta do 4 de abril de 2011 asinado polo xefe de Promoción Económica e Emprego, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá (expte. 8019/77).
- Informe do Titular da Asesoría Xurídica do 7 de abril de 2011 (expte. 8019/77).
- Informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro do 14 de abril de 2011, conformado polo Interventor Xeral (expte. 8019/77).

En data 1.06.2022 dona [REDACTED] presenta escrito no que indica "Que se le ha notificado la resolución dictada por la Concejala Xestión municipal de fecha 30 de mayo de los corrientes de acceso a la información pública, habiendo comprobado que en la documentación remitida no figura informe alguno, ni jurídico ni técnico, emitidos por la Gerencia Municipal de Urbanismo o por el Departamento de Fomento en relación al cumplimiento de la legislación urbanística de la obras proyectadas." e solicita a posta a disposición na carpeta cidadana, dos seguintes documentos:

"

- Expediente 4778/443, debiendo remitirse el proyecto aprobado.
- Acta de replanteo del proyecto según se hace constar en la documentación remitida
- Acta de comprobación del replanteo (art. 237 LCSP) y acta de recepción de obras (art. 243 LCS) relativas a dicho proyecto.
- Expediente 5729/77, debiendo remitirse el proyecto aprobado.
- Expediente 7008/77, debiendo remitirse el proyecto aprobado.
- Expediente 8019/77, debiendo remitirse el proyecto aprobado.
- Actas de replanteo, comprobación de replanteo y recepción de obras relativas a dichos proyectos."

En data 3.06.2022 solicitouse informe aos Servizos Xestores (area de Fomento e Servizos e Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local

| | | |
|--|----------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 03/03/2023 09:37 | Páxina 2 de 5 |
| 1226-1102 | | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar y reforzar la transparencia de la actividad pública,*

| | | |
|--|----------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 03/03/2023 09:37 | Páxina 3 de 5 |
| 1226-1102 | | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

regular y garantizar el derecho de acceso a la información relativa a aquella actividad” (art. 1 de la LTAIBG).

SEGUNDO.- En materia urbanística cabe sinalar o artigo 5.c) do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana todos os cidadáns teñen acceder á información da que dispoñan as Administracións Públicas sobre a ordenación do territorio, a ordenación urbanística e a súa avaliación ambiental, así como obter copia ou certificación das disposicións ou actos administrativos adoptados, nos termos dispostos na súa lexislación reguladora.

A solicitude ten por obxecto o acceso a información de documentación complementaria á facilitada en data 31.05.2022 (expte 1448-1102).

No expediente consta a remisión da documentación por parte do Servizo de Participación Cidadá en expediente 5729/77, expediente 7008/77 e expediente 8019/77 segundo o solicitado e dilixencia da Área de Fomento e Servizo en expediente 4778/443, MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: AVDA. GALICIA (TEIS)

Así mesmo, na documentación solicitada, non se observa que, en principio, conorraaquí ningunha das causas de inadmisión das solicitudes de acceso á información pública previstas no artigo 18 da LTAIBG, nin tampouco que proporcionar tal acceso supoña unha vulneración dos límites contemplados nos artigos 14 e 15 de la LTAIBG.

Polo exposto conclúese que se pode conceder a información solciitada nos expedientes administrativos pedidos, disociando se fora necesario os datos persoais de persoas físicas que consten nos documentos que integran aqueles.

TERCEIRO.- A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 26.06.2019.

Polo exposto formúlase a seguinte PROPOSTA

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude formulada por dona [REDACTED] e polo facilitarlle a interesada a documentación solicitada e remitida pola área de Fomento e servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local que consta nos trámites 16 e 18 do expediente.

SEGUNDO.- Notificarlle á persoa interesada e comunicarlle que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de

| | | |
|--|----------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 03/03/2023 09:37 | Páxina 4 de 5 |
| 1226-1102 | | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.

A Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño

Dou fe, a Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

| | | |
|--|----------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 03/03/2023 09:37 | Páxina 5 de 5 |
| 1226-1102 | | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |